

Para o amor que un día deixei marchar:

A verdade é que non sei por que che estou escribindo esta carta, quizais sexa pola impotencia de saber que fun eu so o responsable de que te foras do meu lado, ou quizais sexa simplemente o mero feito de que te boto de menos. Aínda lembro cando viñas a eses partidos meus e escoitaba a túa voz animándome por enriba de calquera outra, acórdome de fallar e mirar cara a bancada e verte alí mirándome con eses ollos marróns café que penetraban na miña alma e me daban valor para erguerme e seguir loitando.

Acórdome daqueles días de verán nos que saía da casa sen dicirlle nada aos meus pais porque me daba vergonza que soubesen que ía ir onda ti so para verte uns escasos cinco minutos que para min se facían eternos e os adoraba máis que a nada; eses abrazos e eses bicos cos teus beizos vermellos, esas apertas que facían que non quixese estar en ningún lado máis... Cando te quedabas mirando para min e vía como se che iluminaban eses ollos preciosos e sabía que non quería separarme de ti no resto da miña vida, porque eras ti esa razón para erguerme todas as mañás e deitarme polas noites con sorriso marcado na cara. Facíame o máis feliz e agradézocho de corazón xa que ningunha outra o vai conseguir. Igual ti xa pasaches esa folla do libro ou directamente arrincaches a folla tirando todos os recordos ao lixo. Entrar nas redes sociais e ver que subes fotos con outros rapaces e que tes os ollos igual de iluminados que cando estabamos xuntos, a verdade, é que me mata. Todos me din que te olvide dunha vez, pero non é doado, aínda que sei que marchaches polos meus erros. Hai días que me culpo a min mesmo e enfádome e quero romper o móbil contra a parede onde teño colgada aínda unha foto nosa na praia vendo o atardecer tombados naquela toalla chea de recordos e de bágoas miñas.

Aquel día vin esa imaxe túa na mesma praia con rapaz distinto e a verdade é que pensei en tantas cousas nese momento... era tan fácil como darlle ao botón de deixar de seguir no Instagram, no Twitter, no tiktok... ou borrar todas a fotos que che prometín que borraría pero pola miña saúde que non debo facelo; e aí seguen, collendo po dentro dunha intelixencia artificial. En verdade gardeino e sigo sen borrarlas porque o meu corazón me dixo que algún día volverías ao meu carón. E aquí estou, escribindo esta carta chea de recordos que nunca lograrei esquecer xa que fuches a primeira persoa que me ensinou a amar de verdade.

Espero que, por favor, non tires a carta ao ver o meu nome no encabezado e que, polo menos, poidas apreciar esta dor que acabo de reflectir na carta. Espero que consigas todo o que un día me dixeches que soñarás.

Con cariño, a persoa que un día quixeches.

